



Ilmo Concello de  
CAMBADOS

## **ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION MUNICIPAL O DIA 28 DE FEBREIRO DO ANO 2013**

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Ilmo. Concello de Cambados, sendo as vinteunha horas do día vinteoito de febreiro do ano dous mil trece, e co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno da Corporación Municipal, e tratar do asunto do órde do día incluído na convocatoria cursada a tal efecto, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. Luis Aragunde Aragunde, reuníronse os señores Concelleiros, D. José Juan Cores Chaves, D<sup>a</sup> Candelaria Martínez Eiras, D<sup>a</sup> María Isabel Varela Piñeiro, D. Antonio Joaquín Iglesias Pombo, D<sup>a</sup> Mónica Bea Troncoso, D. Eulogio Pomares Botana, D. Juan Ramiro Gómez Blanco, D<sup>a</sup> Ana Isabel Oubiña Santos, D. Ricardo Quintáns Cores, D. Víctor Manuel Caamaño Rivas, D<sup>a</sup> María Josefa Cacabelos Dominguez, D. Xaquín Charlín González, D<sup>a</sup> Fátima Abal Roma, D. Manuel Angel Giraldez Oubiña e D<sup>a</sup> Milagros Martínez Piñeiro. Non asiste: D. Rodrigo Rey Vázquez.

Actúa como Secretario, o Funcionario D. Alberto Fuentes Losada, nomeado pola Xunta de Galicia.

**1º.- LECTURA E APROBACION DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.**- Aberta a sesión, e non téndose formulado obxeccións ás actas das sesións celebradas o pasado día 20 de decembro (extraordinaria e ordinaria), a Corporación Municipal acorda prestarlle a súa aprobación.-


**2º.- TOMA DE POSESION DE D<sup>a</sup> MILAGROS MARTINEZ PIÑEIRO COMO CONCELLEIRA DESTA CORPORACION.**- Incorpórase á sesión D<sup>a</sup> MILAGROS MARTINEZ PIÑEIRO, co obxecto de posesionarse do cargo de Concelleiro polo Grupo Político do P.S.deG.-PSOE, en substitución de D. Lucas Viéites Fariña, que presentou renuncia, e toda vez que consta no expediente a credencial expedida pola Junta Electoral Central a favor da Sra. Martínez Piñeiro, e os demais documentos previstos na lexislación aplicable, en relación coas causas de incompatibilidade e declaración de bens patrimoniais.

Acto seguido, e co obxecto de tomar posesión do seu cargo, a Sra. Martínez Piñeiro formula xuramento, de viva voz, co seguinte texto: "Xuro pola miña conciencia e honor, cumprir fielmente coas obrigas do cargo de Concelleira da Coporación Municipal de Cambados, con lealtade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado"

Rematada a súa intervención, a Sra. Martínez Piñeiro, a quen felicita o Sr. Alcalde en nome da Corporación, procede a ocupar o seu posto de Concelleira a tódolos efectos.

**3º.- APROBACION INICIAL, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EJERCICIO 2013.**- Dase conta da proposta da Presidencia, aprobada por maioría na Comisión Informativa de Facenda e Patrimonio, en sesión celebrada o día 26.02.2013, que é do seguinte tenor literal"

**"PROPOSTA DA PRESIDENCIA.**- Confeccionado o Orzamento Municipal para o exercicio 2.013, e estimando que se cumpre no mesmo coas disposicións que regulan esta materia, atopándose nivelado, tanto en gastos como en ingresos, e coidando suficientemente dotadas as aplicacións orzamentarias para atender ás obrigas esixibles a esta Corporación, tanto para gastos de persoal (Capítulo I), como para gastos de funcionamento dos servizos (Capítulo II); as relativas ós gastos de intereses e amortizacións (Capítulos III e IX); as correspondentes a transferencias, tanto correntes como de capital (Capítulos IV e VII); e, por último as relativas ós investimentos en obras,





adquisición de terreos, etc., (Capítulo VI), todo elo en canto ó Estado de Gastos; e, respecto ó Estado de Ingresos, tamén se consideran convenientemente consignados os conceptos dos capítulos do mesmo.= Ós Estados de Gastos e Ingresos engádense as Bases de Execución do Orzamento, documentos que constitúen o Orzamento básico, ó que se une a documentación complementaria á que fan referencia os artigos 12 e 18 do Real Decreto 500/90, do 20 de Abril, e, en definitiva, a esixida polo artigo 168 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais 2/2004, ademais da relación de aplicacións de gastos, clasificadas por programas e economicamente, e a de conceptos de ingresos.= Por todo, elo esta Presidencia proponlle á Comisión Informativa, que, ditaminando favorablemente este Orzamento, teña a ben formularlle, á súa vez, ó Pleno da Corporación proposta de adopción dos seguintes acordos:= 1º.- Aproba-lo Orzamento Municipal para o exercicio económico 2013, que se eleva, tanto en gastos como en ingresos, á contía de oito millóns catrocentos oitenta e cinco mil trescentos dezaseis con noventa e dous céntimos (8.485.316,92 €), que se concreta nos seguintes resúmenes por Capítulos:

GASTOS			INGRESOS		
Cap	Denominación	Importe €	Cap	Denominación	Importe €
1	Gastos de persoal	3.669.580,57	1	Impostos directos	2.210.000,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	3.662.175,00	2	Impostos indirectos	170.000,00
3	Gastos financeiros	20.762,97	3	Taxas e outros ingresos	2.005.602,00
4	Transferencias correntes	184.726,28	4	Transferencias correntes	3.499.503,92
6	Investimentos reais	323.700,00	5	Ingresos patrimoniais	129.800,00
7	Transferencias de capital	157.002,00	6	Alleamento de inversións reais	300.000,00
8	Activos financeiros	18.000,00	7	Transferencias de capital	152.409,00
9	Pasivos financeiros	449.370,10	8	Activos financeiros	18.000,00
			9	Pasivos financeiros	2,00
	TOTAL	8.485.316,92		TOTAL	8.485.316,92

2º.- Aproba-las Bases de Execución do Orzamento, tal como se atopan redactadas, e que conteñen a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria organización e circunstancias do propio Concello.= 3º.- Segundo o disposto no artigo 90 da Lei 7/85, do 2 de Abril, prestarlle aprobación á Relación de Postos de Traballo do Concello de Cambados, que se incorpora como anexo ó documento orzamentario.= 4º.- Aproba-los cadros de retribucións, tanto de funcionarios como de persoal laboral, coas contías que figuran nos mesmos. Así mesmo, aproba-lo cadro do valor hora, para as prestadas fora da xornada normal, tal como figura nas Bases de Execución do Orzamento.= 5º.- Que se expoña ó público o expediente por prazo de 15 días hábiles, mediante edictos no B.O.P. e no taboleiro da Consistorial e, de non formularse reclamacións contra o mesmo, ou de non basearse estas nalgún dos supostos do art. 170.2 do TRLRFL, entenderase definitivamente aprobado o Orzamento, sen necesidade de novo acordo, remitíndose posteriormente copias á Delegación de Facenda e á Xunta de Galicia, publicándose finalmente Edicto do Orzamento, resumido por Capítulos, conxuntamente coa Relación de Postos de Traballo aprobada, no referido B.O.P., todo elo segundo se establece pola citada lexislación vixente.”

Rematada a lectura, toma a palabra o Concelleiro do P.S.deG.-PSOE, Sr. Giráldez Oubiña para manifestar que ó seu Grupo vai votar en contra porque lle parecen uns presupostos incoherentes cos tempos nos que estamos, e non se adaptan ás necesidades reais do Concello.= Segue a dicir que son o resultado de sumas coas que se pretende manter un equilibrio entre gastos e ingresos, contemplándose entre estes últimos moitas cantidades que non se teñen aseguradas.=







Ilmo Concello de  
CAMBADOS

Que as partidas relativas a gastos de persoal e bens correntes lles parecen moi elevadas, e coidan deberían aplicarse unha serie de recortes importantes e non só cadrar números para logo facer ó longo do ano unha serie de maniobras financieras as que xa están acostumados, quitando dunhas partidas para outras.

Intervén a continuación o Portavoz do B.N.G., Sr. Caamaño Rivas, para dicir que hai uns días os medios de comunicación recollían que os orzamentos 2013 eran continuistas, e coida que esas declaracións, que ben poderían partir do Concello, os definen moi ben.= Lembra tamén que o seu Grupo non apoiou orzamentos anteriores, e tampouco nesta ocasión atopan razóns para votar a favor, pois o seu grupo non asume, nin apoia, o actual nivel de endebedamento (50%) nin a débeda de aproximadamente 4'5 millóns.= Que o goberno do P.P. xamais buscou consenso cos grupos políticos da oposición, nin tivo en conta propostas económicas feitas polo BNG.= Que tampouco lles parece ben que se repitan tódolos anos as continuas irregularidades sinaladas pola intervención, o que demostra a falla de propósito de emenda por parte do grupo de goberno do PP.: A falla de transparencia á hora de aplicar a PRODUCTIVIDADE, (interesan que sexa o pleno quen fixe uns criterios obxectivos para a súa distribución por parte da Alcaldía); no apartado de GRATIFICACIÓNS, se ben está establecido que as horas extraordinarias terán unha consideración excepcional e debe constar a petición razoada da necesidade de realizalas, aínda están agardando a información solicitada sobre estes asuntos -produtividade, gratificacións-, solicitada o 25 de novembro e, de novo, a semana pasada; no relativo ó PERSOAL LABORAL TEMPORAL- debe limitarse a súa contratación a situacións de absoluta necesidade e de carácter non permanente, sendo a proposta do seu grupo as "listas de contratación públicas xa"; no que atinxe a que "o concello non poderá converter en fixa ou indefinida unha relación laboral de carácter temporal", lembra que xa se fixo co posto de asesor xurídico e non descartan que se poida facer con outros casos; no referido ás contratacións temporais amparadas en subvencións, lembra que son fraudulentas cando se formalizan para atender tarefas normais e permanentes do concello; no cadro de retribucións as limpadoras aparecen a xornada completa mentres que prestan servizos a media xornada; a técnica de museos aparece como grupo A2, nivel 22, pero as súas retribucións son correspondentes ás do grupo C1, nivel 18, por ser esta ás da praza pola cal superou as probas selectivas; que tamén son irregulares as prazas fixas que aparecen dotadas orzamentariamente e ocupadas interinamente desde o proceso selectivo do ano 2006, paralizado sen xustificación segundo intervención, e por culpa do bipartito segundo o concello; en proxectos técnicos e direccións de obras debe rematar a práctica habitual de incluír no presuposto de execución por contrata os honorarios de redacción do proxecto pois existen funcionarios no departamento de urbanismo e debería constar a razón pola que se procede a contratar un servizo externo.= Segue a dicir que tampouco apoian este orzamento porque nel recóllese toda a subida de taxas e impostos do último ano e como xa manifestaron no seu día lles parece esaxerada, toda vez que en moitos casos é superior á do IPC, e tampouco ten en conta a situación de excepcionalidade dramático-económica pola que están a pasar gran parte dos veciños e veciñas de Cambados, demostrando a falla de sensibilidade do goberno municipal en especial coas familias que o están a pasar peor durante esta crise económica: subas esaxeradas; bolsas de ensino (7.000 €) que non contemplan o alumnado de primaria, secundaria, bacharelato, nin de CM (que tamén precisa de transporte igual ca os de CS), carecendo tamén de promoción entre ANPAS, equipos directivos, etc., como xa o sinalaron en anos anteriores.= Por outra banda, no relativo ó aprazamento e fraccionamento de débedas, o xuro de demora do 5% lles parece altísimo, e están tamén en desacordo co feito de





que as débedas superiores a 18.000 € precisen de aval e que se teña que demostrar capacidade de xeración de recursos, ata 600 €: 4 meses, ata 1.500: 6 meses... pois a xente que ten dificultades para pagar aluguer, luz, etc. ...e teñen problemas económicos tan graves, non poden demostrar ter moita capacidade económica e tampouco poden pagar mensualidades de máis de 100 €/mes, polo que entenden que esta normativa debe flexibilizarse neste concello igual que se está a facer noutros.= Indica tamén que o documento mostra ben pouco a aposta polo modelo de concello que pretende o PP, pois utilízanse os cartos das partidas correspondentes a determinados postos de traballo vacantes (entenden que xamais se deberon crear as de Inspector Principal: 31.859 €, e a de Oficial PM: 23.448 €) para calquera tipo de gasto: práctica habitual que demostra que o orzamento deste concello non é utilizado para planificar, senón exclusivamente para gastos correntes, polo que compre axustar a plantilla á realidade.= No apartado da cobranza Oral (260.000€) lles parece excesivo o que se paga por este servizo, considerando que debería prestarse por persoal do concello e que existe creada e vacante unha praza de Administrativo recadador (23.954€).= Que, se ben baixa en 10.000€ a partida de festexos, non hai unha intención real de baixala, senón que simplemente pretende dar unha imaxe de austeridade (irreal e mero maquillaxe) pois logo, como tódolos anos, páganse con cartos doutras partidas como se pode comprobar nos seguintes puntos do pleno, ó incluírse no expediente de creto extraordinario uns gastos en festexos por valor de máis de 80.000 €, ó non ter cartos na partida correspondente.= Seguen mantendo que a asignación dos tres asesores do alcalde é esaxerada para un concello como este, coidando que con un sería suficiente e que por outra banda debería aclararse o asunto das horas extraordinarias.= Que nun concello coma este sobra un asesor xurídico que supón un custe de 46.000 €.= Coidan que tampouco é de recibo que na actualidade se estean pagando dous técnicos de urbanismo (aparellador, arquitecto) cando no momento de máis volume de traballo só había un.= Con respecto ó alleamento de parcelas do polígono (300.000€), e compra de terreos no rural (300.000€) coidan que o Concello debe ser máis realista e solucionar o problema definitivamente, toda vez que se levan máis de 10 anos con ese asunto.= Que as inversións previstas para o 2013 (21.295€) son simbólicas, preguntándose se este é o proxecto do PP para o este exercicio.= Remata indicando que, con respecto á Liquidación do 2012, incluída no orzamento, se ben se contempla un gasto inicial igual ó ingreso inicial (8.296.176 €) logo se gasta moito máis (8.379.218 €) o que demostra novamente falla de previsión, e desta cantidade só se pagan 7.568.163 €, é dicir, quedan pendente de pago 811.054 €, o que lles parece unha cantidade moi importante.= Que, con respecto ós ingresos, estaban previstos 7.988.129 €, e só se ingresan 7.430.252€, quedando pendente de cobro: 557.877 €. En conclusión; realmente os gastos son maiores do agardado e os ingresos son menores do esperado, e isto non augura un bo futuro nas contas.= Por todo elo, se comparan o aprobado como ingresos, 7.988.129 €, e o aprobado como gastos, 8.379.218 €, vemos que se crea un déficit de - 391.088 €, aínda que despois se maquille con remanentes, a realidade é que se gasta máis do que se ingresa.= E que, se ben o Orzamento para o 2013 sube un pouco respecto ao do pasado ano, ascendendo a 8.485.316€, o razoable observando o panorama económico actual con máis paro e máis pobreza, sería plantexar que os ingresos do concello diminúan con respecto ao pasado ano e como consecuencia o déficit do concello sexa aínda maior, polo que por esta razón tamén semellan uns orzamentos pouco realistas, e por todo elo o BNG non vai a votar a favor.







Ilmo Concello de  
CAMBADOS


A continuación toma a palabra o Portavoz do P.P., Sr. Cores Chaves para manifestar que efectivamente son uns presupostos continuistas, toda vez que seguen a liña marcada en anos anteriores, ó considerar que as cousas se fixeron ben.= Que o “beneficio” obtivo o pasado ano foi menor pero aínda así o resultado segue a ser positivo.= Que o punto de partida á hora de dotar ás diferentes aplicacións orzamentarias pasa por analizar o realmente gastado no ano anterior e así é como se está a facer.= Que, contrariamente ó que apuntan os concelleiros da oposición, apenas se suben en taxas, chegando incluso baixarse algunha delas.= Que, por exemplo, a partida de axuda no fogar está dotada con 175.000€ e tamén se manteñen asignacións para tódalas asociacións e clubs deportivos.= Que esta é a política que o grupo municipal do Partido Popular quere facer, e os ornamentos están cadrados e equilibrados en canto a gastos e ingresos.= No relativo ó tema das axudas para estudos e a información ás ANPAS manifesta que sí se lles comunica, pero coida que tamén deberían estar atentas.= Que o que hai que facer é dar os mellores servizos co que hai.= Que o ornamento está nivelado e é estable, pero tamén saben que será rechazado pola oposición ó igual que en anos anteriores.= Que se ben a débeda ronda os 3'3 millóns de euros, ano tras ano estase a rebaixar, e agardase que ó final desta lexislatura esté só nos 2'5 millóns, e que grazas a iso ó Concello conta cun gran patrimonio.= Remata dicindo que é un orzamento adaptado tanto aos gastos como aos ingresos previstos, e que segue na liña fixada en anos anteriores, polo que o seu grupo vai a votar a favor da súa aprobación.

Intervén o Concelleiro do P.S.deG.-PSOE, Sr. Giraldez Oubiña para lamentar a falla de respecto do Sr. Concelleiro cando dí que lles da igual o que opinen sobre os orzamentos, aproveita tamén para criticar a falla de vontade por parte do equipo de goberno ó non consultar ou consensuar este tema cos restantes membros da corporación, e indica asimesmo que, de telo feito, ben podería darse o caso de aprobación por unanimidade.

Por parte do Portavoz do B.N.G., Sr. Caamaño Rivas maniféstase que estes son os ornamentos máis criticados non por ser feitos por outros, senón porque non son bos.= Que no relativo ó das ANPAS, o que piden é que se lles informe da existencia destas axudas.= Que son conscientes de que cando non hai non se pode endebedar e que o que fixo o Concello foi endebedarse nos mellores momentos.= Que detrás dos números hai máis que números.

O Portavoz do P.P. Sr. Cores Chaves, pide disculpas se lle faltou ó respecto a alguén, e explica que os ornamentos teñen que estar cadrados e as modificacións que se fan son legais

Intervén seguidamente o Sr. Alcalde para manifestar que é continuista, pero tamén equilibrado e razoable, e son os mellores que se poden facer dada a situación actual.= Que están elaborados de acordo coa lei e que os gastos están axustados aos ingresos previstos.= No relativo á crítica sobre o alto gasto en materia de persoal, dí que este ano supón a porcentaxe máis baixa con respecto a outros exercicios e a outros concellos de similares características, e que os datos sobre produtividade e horas extras están incluídos nas resolucións que se lle entregan periódicamente aos grupos da oposición.= Insiste en que os gastos de persoal non son tan elevados como mantén o portavoz do B.N.G., tendo en conta a cantidade de servizos e instalacións coas que conta o Concello.= Que a RPT fíxose hai 6 ou 7 anos e neste momento estase a facer unha revisión para adaptala á situación actual, agardando que esté rematada antes de que finalice o presente exercicio.= Que son conscientes de que a xente o esta a pasar mal pero tamén hai fondos no ornamento, poden solicitarse axudas a través de servizos sociais (emergencia social, alimentos, etc.) e o fraccionamento do pago das taxas.= Con respecto ás prazas que non están ocupadas, hai que dotalas orzamentariamente, e é legal transferir eses fondos ó longo do exercicio para facer fronte a outras necesidades.= Lembra tamén que o Concello está no 50% da capacidade de endebedamento permitido, o que se valora moi





positivamente tendo en conta que foi como consecuencia de inversións, xa no FOMIT investíronse uns dous millóns de euros e cando se pedíu era un bo momento para endebedarse.= Con respecto á eterna discusión sobre a Festa do Albariño, que para o grupo de goberno non se trata dun gasto senón dunha inversión, toda vez que é das mellores da nosa comunidade e das que ten máis transcendencia no exterior, con actuacións que constitúen un referente.= Indica asimesmo que outro reflexo da boa situación económica do Concello e que non foi necesario acollerse ós fondos ICO, sendo esta unha mostra do seu saneamento económico desta entidade.= Segue a dicir que lles gustaría que o capítulo VI fora máis alto, pero que non debe esquecerse que dende o Concello seguen facéndose xestións para acadar inversións que non supoñan coste para as arcas municipais, tal é o caso da reversión do edificio de Exposalnés ou as actuacións no Saco de Fefiñans, puntos que tamén se tratarán neste pleno.

Por alusións toma a palabra novamente o Portavoz do B.N.G., Sr. Caamaño Rivas, para dicir que o seu grupo nunca dixo que a Festa do Albariño non fora importante, senón que había que facer unha festa digna, que hai gastos que non se contemplan e logo hai que facer transferencia doutras partidas.= Que hai que cambiar a RPT porque xa naceu mal plantexada.= Que hai moita xente que ten dificultades para pagar e este ornamento non presenta novidades neste sentido.= Que están de acordo coa actuación que se plantexa para o Saco de Fefiñans, pero tamén son conscientes de que durante anos o saneamento estivo esquecido.= Con respecto a Exposalnés di que non debería esquecerse que o Concello xa pagou moito no seu día e que se trata dunha devolución dalgo que xa era do Concello.= Que a maioría dos Concellos están por debaixo do 50% do seu nivel de endebedamento e que non é a primeira vez que o Consello Consultivo considera como “non tan boa” a situación do Concello de Cambados.= Di tamén que cando pedíu a información sobre horas extras e gratificacións era porque non a tiñan.

Remata o Alcalde manifestando que si a situación do Concello non fora boa, podería entenderse que os gastos do Albariño eran disparatados, pero non é o caso.

Sometido o asunto a votación, acadouse o seguinte resultado:

- Votos a favor: dez (Sres.: Cores Chaves, Martínez Eiras, Varela Piñeiro, Iglesias Pombo, Bea Troncoso, Pomares Botana, Gómez Blanco, Oubiña Santos, Quintáns Cores e Sr. Alcalde).
- Votos en contra: seis (Sres.: Caamaño Rivas, Cacabelos Dominguez, Charlín González, Abal Roma, Giráldez Oubiña e Martínez Piñeiro).
- Abstencións: ningunha.

O Pleno da Corporación, por maioría, acorda:

1º.- Aproba-lo Orzamento Municipal para o exercicio económico 2013, que se eleva, tanto en gastos como en ingresos, á contía de oito millóns catrocentos oitenta e cinco mil trescentos dezaseis con noventa e dous céntimos (8.485.316,92 €), que se concreta nos seguintes resúmenes por Capítulos:

GASTOS			INGRESOS		
Cap	Denominación	Importe €	Cap	Denominación	Importe €
1	Gastos de persoal	3.669.580,57	1	Impostos directos	2.210.000,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	3.662.175,00	2	Impostos indirectos	170.000,00
3	Gastos financeiros	20.762,97	3	Taxas e outros ingresos	2.005.602,00
4	Transferencias correntes	184.726,28	4	Transferencias correntes	3.499.503,92
5	Investimentos reais	323.700,00	5	Ingresos patrimoniais	129.800,00

